

## Aprender a mirar, aprender a perdoar

### Beato Salvador Fernández Pérez, testemuña de misericordia

*Sesión de Catequese – Nenos e nenas entre 9 e 12 anos (postcomunión)*

#### Obxectivo

- Descubrir e valorar que tras as pegadas de Xesús pisaron moitos homes e mulleres ao longo da historia, algúns deles moi próximos a nós.
- Coñecer a figura do Beato Salvador Fernández Pérez a través da súa vida, destacando fundamentalmente a súa dedicación aos máis necesitados e a súa entrega aos demais.
- Recoñecer que poden ser capaces de ver nos demais a necesidade de axuda e prestar o seu servizo (na medida das súas posibilidades) seguindo o exemplo de Don Salvador.
- Recoñecer que non somos perfectos, que cometemos erros e que non nos debemos avergoñar por iso, senón que temos que ser humildes e pedir perdón polos nosos erros.
- Ser capaces do mesmo xeito que fixo Salvador de pedir e ofrecer perdón.

#### Materiais Necesarios

- Relato da vida do Beato Salvador
  - ***Historia dunhas gafas. Salvador Fernández Pérez***
- Parábola do Bo Samaritano
  - Lc 10, 29-37
  - Valiván: [https://www.youtube.com/watch?v=7\\_sArxpUQho](https://www.youtube.com/watch?v=7_sArxpUQho)
- Parábola do Fariseo e o Publicano
  - Lc 18, 9-14
  - Valiván: <https://www.youtube.com/watch?v=6gbdss2Kc-s>
- Experiencia 'Nada pode afogas o noso tesouro'
- Folla cunhas gafas debuxadas, unha por participante.

### Actividades propostas

- **Lectura do relato 'Historia dunhas gafas. Salvador Fernández Pérez'.** O primeiro que se propón é ler o relato. Nestas idades podemos propor aos nenos e nenas que o lean durante a semana na súa casa e poidan eles reflexionar sobre o texto e sacar algunha conclusión.

Como partimos de que os nenos e nenas leron o relato na súa casa podemos comezar a sesión establecendo unha conversación do que entenderon das dificultades que atoparon no mesmo,...

No caso que se lea no momento, unha vez lido o texto pódese establecer unha conversación cos nenos e nenas para ver o que entenderon sobre o relato, destacando como partes fundamentais tres.

1. O asombro da súa infancia e adolescencia: vida en familia, na escola, na parroquia; o seu desexo de ser sacerdote, axuda á familia nos labores do campo ao mesmo tempo que estuda e o seu esforzo para poder realizar o que desexa.
2. Anos de preparación, primeiro, e os anos de vida salesiana, despois, traballando con plena dedicación aos demais, especialmente aos máis necesitados e excluídos, nos diferentes lugares onde estivo destinado.
3. Últimos anos de entrega absoluta aos demais aínda cando a súa vida estaba en perigo, desenvolvendo unha gran confianza en Deus, e cultivando no seu corazón actitudes de perdón e reconciliación.

### Aprender a mirar

É necesario preguntar e interpelar a quen participan na sesión até chegar a expresar que o relato o contan unhas lentes. Desde aí facer que cheguen á conclusión de porqué son as lentes as que contan o relato dirixindo preguntas cara a:

- Porqué credes que o relato o contan unhas gafas?
- Que significado poden ter as gafas abertas do principio do relato?
- En que se centran as gafas cando contan o que ven?
- que significado poden ter as lentes pechadas e rotas do final?
- ...

É evidente que as lentes son a metáfora da mirada; máis aínda, dunha determinada maneira de mirar que Salvador foi aprendendo, de Xesús, ao longo de toda a súa vida.

Todos necesitamos dunhas 'gafas' para poder ver máis aló, que hai ocasións en que non levamos postas esas lentes e demóstranse na nosa maneira de actuar (podemos aquí facilitar que expresen situacións onde nosa 'miopía'... nin nos fai crecer nin nos deixa descubrir a Deus e aos demais).

- **Lectura ou proxección da parábola do Bo Samaritano.**

Unha vez contada ou proxectada a parábola do Bo Samaritano, establecemos unha conversación cos nenos e nenas, resaltando o tres personaxes que pasaron por diante do home ferido:

- No relato pasan por diante do home ferido tres personaxes, dous deles 'ven', pero non ven. Non levaban as 'gafas' postas. Pode pasarnos isto a nós algunha vez?
- Pero había un personaxe que si levaba as gafas, o Samaritano. Que fixo este home ademais de 'ver'?
- Na historia de Salvador Fernández. Que detalles mostran que levaba postas unhas gafas 'especiais'? Hai algunha situación en que se note con máis claridade como era a súa mirada? (o descubrimento da vocación, o descubrimento e o traballo cos máis pobres en todos os lugares polos que foi pasando, os últimos meses da súa vida acollendo e animando a quen estaban na mesma situación que el, o perdón final a quen o asasinaron...)

Propómosvos agora que no papel coas lentes que vos entregamos, poidades escribir en cada un dos cristais algunhas actitudes que nos axuden a cada un a 'mirar' doutra maneira, máis en clave de Xesús.

### **Escola de perdón**

Podemos centrarnos tamén noutro aspecto do relato de Salvador. Xa case ao final do mesmo, Salvador pide ao Señor perdón, pero non só polas súas faltas, senón que tamén ofrece o seu perdón a aqueles que atentan contra a súa vida.

E nós? como vivimos todo o que ten que ver co perdón? pedilo? ofrecelo?

É unha actitude que nos axuda a crecer en humanidade, a deixar xermolar en nós a proposta da fe.

- **Lectura ou proxección da parábola do Fariseo e o Publicano**

Podemos establecer unha conversación en torno ao relato. Recoñecemos que ás veces nos relacionamos como o fariseo da parábola? e como o publicano? En que circunstancias? que se consegue cunha ou outra actitude?

Cal é a proposta de Xesús neste evanxeo?

- **Experiencia 'Nada pode afogar o noso tesouro'**

Os meses finais da vida de Salvador foron moi difíciles... sería fácil renunciar a todo o que para el fora importante (Xesús, os mozos máis necesitados, Deus...) e quedar en liberdade. Pero nese tempo, aprendeu, de Xesús que NADA do que lle rodeaba podía separalo do máis importante que descubriera: o Amor de Deus. Por iso, non só non renunciou, senón que acabou os seus días perdoando a aqueles que lle arrebataban a vida.

Propomos neste momento unha experiencia 'nada pode afogar o noso tesouro'. Trátase de presentar aos nenos e nenas de forma gráfica que é o que viviu o beato Salvador Fernández nas horas difíciles do final da súa vida.

Para facelo necesitamos:

- Unha moeda (que representa o tesouro de verdade que atopara don Salvador: Deus e a boa noticia do seu amor)
- Un vaso con auga mesturada con colorante de calquera tipo ou algo que lle dea cor (que representa todo o que pode caernos e afogarnos nas circunstancias difíciles da vida; coma se dunha tormenta tratácese)
- Unha vela (que representa a existencia de Xesús, que dá luz e á vez entrégase, consómese polos demais)
- Un prato fondo, un vaso de cristal e un chisqueiro

Proceso

- No prato da nosa vida, está o tesouro da nosa fe. Por iso deixamos no fondo do prato, a moeda.
- E é nesa vida, onde ás veces hai circunstancias difíciles, grandes ballóns, tormentas que parecen afogarnos? Por iso vertemos a auga con colorante por encima da moeda ata que quede cuberta. Así moitas veces os nosos tesouros parecen quedar mergullados ante as dificultades: discusións, críticas, faltas de amor... esas situacións ás veces fannos esquecer aspectos importantes para nós
- Colle a vela. A vela representa a Xesús. Pona no centro do prato. Acende a vela: representa a vida de Xesús.
- Colle o vaso e cobre a vea sen que se apague mentres as tapas, faino rápido. E despois... observa que pasa coa auga que rodea o vaso, que ocorre co teu tesouro.
- Nuns segundos, a vela apagarase, e tamén o oxixeno do vaso desaparecería. Con todo, aspiraría todo a auga con colorante, todo aquilo que che pesa, deixando a moeda seca.
- Así, na cruz, Xesús deu a súa vida (a chama apágase). queda con aquilo que nos pesa e, coa súa entrega, fainos libres.

- **Celebramos**

Unha vez fixeses o experimento, podemos ter un momento de silencio de reflexión persoal sobre todo aquilo que nos pesa, aquilo que parece que nos afoga... e queremos quitarnos de encima.

Podemos dar outro papel coas lentes rotas (ás que podemos dar o significado daquilo que non facemos ben, que non nos deixa ver en clave de Xesús e o seu evanxeo) e nel os nenos e nenas poden escribir algo do que lles pesa.

Pómonos en círculo, coa Biblia e unha vela no medio de nós. Somos convidados a deixarnos mirar, tamén na nosa debilidade e na nosa tormenta, pola luz de Xesús, que nos convida a compartir a súa vida: entregala para ter Vida en abundancia (Xn 10, 10).

Podemos concluír rezando xuntos a seguinte pregaría:

Dámosche grazas, Pai Bo,  
porque sempre camiñas connosco  
e pos nos nosos ollos e no noso corazón  
a luz que nos permite descubrir nas demais persoas  
fillos teus e irmáns nosos.

Grazas por tantas persoas que como Xesús,  
pasan polo mundo facendo o ben  
perdoando e dando novas oportunidades  
para que o mundo sexa cada vez máis,  
a casa de todos. Amén

Anexo I: gafas

